

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)

CELEBRADA O DÍA 30/03/2023

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BOVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
- DONA INMACULADA DIEZ VILLARROYA
- D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ
- D. XOSE LOIS LEIROS GUDE
-D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ

Lista Concelleiros non asistentes

-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 30/03/2023, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 23 de febreiro de 2023.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de febreiro de 2023.

3. Aprobación, se procede, da Memoria de Actividades Deportivas, desenvolvidas pola FPSDM durante o ano 2022

4. Aprobación, se procede, da Modificación da OF II.12 da Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local

5. Aprobación, se procede, da alteración da cualificación xurídica dos bens afectados polo "Proxecto de protección acústicas do Eixo Atlántico de Alta Velocidade. Tramo: Vigo-Padrón".

6. Aprobación definitiva, se procede, do Estudo de Detalle para edificio comercial destinado a supermercado de alimentación e aparcamento na Rúa Valle Inclán nº 15, promovido por dona María Emilia Uz Prado, en nome e representación de Mercadona SA

7. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, para a mellora das condicións de vida e de seguridade viaria da veciñanza de A Escardia.

9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a mellora das condicións de vida e de seguridade viaria da veciñanza de Faxilde.

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP en relación aos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM).

11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG sobre a retirada do Plan de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM).

12. Aprobación, se procede, da petición presentada polo grupo político municipal do BNG para nomear o actual Pavillón Castelao como Pavillón "Castelao-Helena Mariño".

13. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG referida ao apoio á ILP sobre medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria.

14. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común para a supresión do aparcamento reservado para a corporación na Praza Ravella.

15. Aprobación, se procede, da solicitude do grupo político municipal de Vilagarcía en Común de comparecencia do edil responsable de Medio Ambiente, Parques e Xardíns.

16. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

17. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

18. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

19. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

20. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Insua utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 23 DE FEBREIRO DE 2023.

Polo Sr. alcalde preguntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21) a acta da sesión anterior de data 23 de febreiro de 2023.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230330&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE FEBREIRO DE 2023: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Delegación Alcaldía representación sesión Mancomunidade do Salnés
- 1 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde
- 2 Expediente de Modificación de Créditos por Transferencia
- 1 Expediente de Modificación de C?editos por Xeración
- 9 Resolución alegacións expedientes sancionadores de tráfico
- 1 Resolución alegacións identificación condutor expte. Sancionador de tráfico
- 1 Resolución prescrición
- 1 Resolución sancionadora expediente sancionador de tráfico
- 1 Aboamento servizos nocturnos nómina de febreiro
- 1 Modificación de nomeamento por vacante
- 1 Nomeamento funcionario de prácticas Policía Local
- 1 Nomeamento policías funcionarios de carreira
- 1 Nomeamento profesor conservatorio
- 3 Gratificación substitución posto de categoría superior
- 1 Pagamento plan de pensións xaneiro
- 1 Remisión expediente a Xulgado do Contencioso Administrativo
- 1 Estimación beneficios fiscais IAE
- 3 Estimatoria/deseestimatoria IVTM
- 5 Estimatoria recibos
- 1 Estimatoria IAE
- 30 Estimatoria taxas e prezos públicos
- 4 Estimatoria compensación de débedas
- 17 Estimatoria pagos duplicados
- 6 Estimatoria/deseestimatoria IBI
- 12 Estimatoria liquidacións e baixas
- 2 Estiimatoria/deseestimatoria ICIO
- 2 Estimatoria rateo IVTM
- 16 Estimatoria IIVTNU
- 11 Estimatoria Beneficios fiscais do IVTM
- 1 Pagamento Xuros bancarios
- 3 Pago expediente Intervención
- 2 Pago expediente Tesourería
- 1 Pago préstamo bancario
- 1 Concesión fraccionamento
- 4 Aboamento comisións bancarias
- 1 Arquivo expediente comunicación apertura de establecemento
- 6 Comunicación cambio de titularidade actividade
- 1 Ampliación horario locais
- 15 Deber de conservación
- 1 Aprobación inicial Estudio de Detalle
- 8 Reposición da Legalidade Urbanística

1 Sancionador infracción de horario
1 Renuncia expediente de legalización obras
2 Licenza de primeira ocupación
1 Recurso de reposición contra denegación de licenza
1 Cambio de titularidade de licenza de construción
1 Informe favorable prórroga comunicación previa
1 Conformidade proxecto de execución
1 Innecesariedade licenza de segregación
1 Rectificación resolución relativa a segregación de parcela a efectos de cesión
2 Desestimiento comunicación previa
2 Concesión licenza para acometida de auga e/ou saneamento
4 Declaración ineficacia comunicación previa obras
3 Legalización obras
11 Licenza de obra menor
10 Licenza de obra maior
34 Comunicación previa obras
TOTAL: 257

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230330&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS, DESENVOLVIDAS POLA FPSDM DURANTE O ANO 2022.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica de data 30 de marzo de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria Anual de actividades da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, correspondentes ao ano 2022, aprobada polo Consello Reitor, en sesión celebrada o día 1 de marzo de 2023.

O resumo da memoria foi desagregada nos seguintes apartados:

1.- ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

1.1.- Escola Deportiva de Psicomotricidade. Tempada 2021-22.

1.2.- Escola Multideportiva.

1.2.1.Tempada 2021-22.

1.2.2.Tempada 2022-23.

1.3.- Escola Deportiva de Base.

1.3.1.Tempada 2021-22.

1.3.2.Tempada 2022-23.

1.4.- Escolas Municipais de Navegación. Ano 2022.

2.- ACTIVIDADES FISICO DEPORTIVAS PARA ADULTOS.

2.1.- Ano 2022

2.1.1.- 1º curso.

2.1.2.- 2º curso.

2.2.- Tempada 2022-23

2.2.1.- 1º curso

3.- VACACIONES DEPORTIVAS VILAGARCÍA 2022.

3.1. Vacacións Multideportivas

3.2. Movemento Intelixente

3.3. Activo MAIORmente

3.4. Eventos deportivos

3.4.1.- XIX Torneo de Tenis de Verán.

3.4.2.- XVIII Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía

4.- XIV XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO

5.- OUTROS EVENTOS DEPORTIVOS.

5.1.- Eventos organizados pola Fundación de Deportes.

5.2.-Eventos organizados por Entidades deportivas con colaboración da Fundación de Deportes.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Memoria Anual de actividades da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, correspondentes ao ano 2022, aprobada polo Consello Reitor, en sesión celebrada o día 1 de marzo de 2023.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezanove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), PP(5), BNG (1) e Podemos-Marea da Vila (1) e unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a Memoria Anual de actividades da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, correspondentes ao ano 2022, aprobada polo Consello Reitor, en sesión celebrada o día 1 de marzo de 2023.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230330&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL II.12 DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL:

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica de data 30 de marzo de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA DE ALCALDÍA

O art. 20.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais indica que : As Entidades Locais, nos termos previstos nesta Lei poderán establecer taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local

En aplicación desta previsión legislativa o Concello de Vilagarcía de Arousa acordou o establecemento e ordenación da Ordenanza Fiscal nº II.12 reguladora da Taxa por Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Dominio Público Local.

A Concelleira de Economía e Facenda propón unha serie de modificacións que afectan á xestión e, vistos os informes de secretaría e tesourería, efectúase a seguinte proposta ao Pleno:

PRIMEIRO.- Aprobación das seguintes modificacións:

Primeira.- Modificación do artigo 7

Propónse modificar o artigo 7, que quedará redactado da seguinte forma:

O pago da taxa realizarase:

- No caso do apartado A.1 do epígrafe c), o importe da taxa poderá ser obxecto de domiciliación bancaria, mediante consignación do IBAN no impreso de solicitude ou renovación de tarxeta para o exercicio de venda ambulante. Os cargos realizaranse trimestralmente. No caso de que non efectúe a domiciliación bancaria, remitirase a carta de pago por correo ordinario ao domicilio fiscal do contribuínte para que efectúe o seu

- pago.
- No caso dos restantes apartados de epígrafe c), e dos epígrafes d) e f), o importe da taxa deberá ser ingresado, con carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26.1 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, no momento de formalizar a solicitude polos interesados.
 - No caso do resto dos epígrafes, cando se trate de novos aproveitamentos realizárase sempre antes de retirala correspondente licenza, este ingreso terá tamén carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26.1 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, quedando elevado a definitivo ao conceder a licenza correspondente.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal II.12 da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO.- Aprobación das seguintes modificacións:

Primeira.- Modificación do artigo 7 da Ordenanza fiscal II.12 da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, que quedará redactado da seguinte forma:

O pago da taxa realizarase:

- No caso do apartado A.1 do epígrafe c), o importe da taxa poderá ser obxecto de domiciliación bancaria, mediante consignación do IBAN no impreso de solicitude ou renovación de tarxeta para o exercicio de venda ambulante. Os cargos realizaranse trimestralmente. No caso de que non efectúe a domiciliación bancaria, remitirase a carta de pago por correo ordinario ao domicilio fiscal do contribuínte para que efectúe o seu pago.
- No caso dos restantes apartados de epígrafe c), e dos epígrafes d) e f), o importe da taxa deberá ser ingresado, con carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26.1 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, no momento de formalizar a solicitude polos interesados.
- No caso do resto dos epígrafes, cando se trate de novos aproveitamentos realizárase sempre antes de retirala correspondente licenza, este ingreso terá tamén carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26.1 do R.D.L. 2/2004, de 5 de

marzo, quedando elevado a definitivo ao conceder a licenza correspondente.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230330&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DOS BENS AFECTADOS POLO “PROXECTO DE PROTECCIÓN ACÚSTICAS DO EIXO ATLÁNTICO DE ALTA VELOCIDADE. TRAMO: VIGO-PADRÓN”. Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 30 de marzo de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN PARA AUTORIZAR A ALTERACIÓN DA CALIFICACIÓN XURÍDICA DOS BENS AFECTADOS POLO “PROYECTO DE PROTECCIONES ACÚSTICAS DEL EJE ATLÁNTICO DE ALTA VELOCIDAD. TRAMO: VIGO-PADRÓN”.

Con data 2 de xaneiro de 2023, o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF/ADIF-AV), solicitou a incoación de expedientes para a mutación demanial dos bens que a continuación se relacionan, afectados polo “PROYECTO DE PROTECCIONES ACÚSTICAS DEL EJE ATLÁNTICO DE ALTA VELOCIDAD. TRAMO: VIGO – PADRÓN”.

O citado proxecto foi aprobado, segundo indica ADIF o 06/04/2021, sendo aberto, por resolución da Secretaría Xeneral de Infraestruturas do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda urbana de data 20/06/2021, o trámite de información pública correspondente ao proxecto de expropiación forzosa que se tramita con motivo das obras incluídas no proxecto de protección acústicas antes indicado.

A relación de bens afectados polo devandito proxecto, que se consideran de necesaria expropiación e dos que se insta a mutación demanial é a seguinte:

- Finca con orde expropiatorio nº S-36.0600-1502 (expte.: 012ADIF2120), finca 36060A021090010000GE na descarga de plano de catastro. Propiedade do Concello de Vilagarcía de Arousa, que se corresponde cun camiño, e cunha afección de 25 m² de expropiación permanente.
- Finca con orde expropiatorio nº S-36.0600-1505 (expte.: 012ADIF2120), finca 36060A02009000 na descarga de plano de catastro. Propiedade do Concello de Vilagarcía de Arousa, que forma parte da rúa Real de Badiña, e cunha afección de 22 m² de expropiación permanente.
- Finca con orde expropiatorio nº S-36.0600-1507 (expte.: 012ADIF2120), finca 36060A02809000 na descarga de plano de catastro. Propiedade do Concello de Vilagarcía de Arousa, que forma parte da rúa Blanco Amor, e cunha afección de 39 m² de expropiación permanente.

- Finca con orde expropiatorio nº S-36.0600-1508 (expte.: 012ADIF2120), finca 36060A020090010000GA na descarga de plano de catastro. Propiedade do Concello de Vilagarcía de Arousa, que se corresponde cun camiño, e cunha afección de 19 m² de expropiación permanente.

Todas as fincas afectadas gozan da condición de ben de dominio público adscrito a un uso público e foi declarada a necesidade e urxente ocupación dos terreos afectados polo proxecto de referencia (PROYECTO DE PROTECCIONES ACÚSTICAS DEL EJE ATLÁNTICO DE ALTA VELOCIDAD. TRAMO: VIGO – PADRÓN).

De conformidade co disposto no art. 5 do Real Decreto 1372/1986 polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e no art. 6 da Lei 33/2003, do patrimonio das administracións públicas, os bens de dominio público son inalienables, inembargables e imprescritibles, polo que é necesario proceder á alteración da cualificación xurídica das fincas antes relacionadas, pasando estas de ter a condición de bens demaniais a patrimoniais, de xeito que o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) poida expropiar as mesmas para executar o proxecto de proteccións acústicas do eixo atlántico de alta velocidade. Tramo: Vigo-Padrón.

Con data 25/01/2023 incoouse o expediente para alterar a cualificación xurídica dos citados bens, ao obxecto de transformar a súa natureza como bens de dominio e uso público a bens patrimoniais e dispúxose a exposición ao público do expediente durante o prazo de un mes.

No Boletín Oficial da Provincia de data 02/02/2023 publicouse o anuncio de exposición ao público do expediente, sen que se presentara ningunha alegación ao respecto, tal e como consta no expediente.

O art. 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, dispón que a alteración da cualificación xurídica dos bens das Entidades locais require expediente no que se acrediten a súa oportunidade e legalidade e atribúe ao Concello Pleno a competencia para a súa aprobación.

En atención ao exposto, propónse ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Alterar a cualificación xurídica dos bens que se relacionan a continuación, pasando de ter a condición de bens de dominio e uso público a bens patrimoniais, coa finalidade de que o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) poida expropiar as mesmas para executar o proxecto de proteccións acústicas do eixo atlántico de alta velocidade. Tramo: Vigo-Padrón.

- Finca con orde expropiatorio nº S-36.0600-1502 (expte.: 012ADIF2120), finca 36060A021090010000GE na descarga de plano de catastro. Propiedade do Concello de Vilagarcía de Arousa, que se corresponde cun camiño, e cunha afección de 25 m² de expropiación permanente.
- Finca con orde expropiatorio nº S-36.0600-1505 (expte.: 012ADIF2120), finca 36060A02009000 na descarga de plano de catastro. Propiedade do Concello de Vilagarcía de Arousa, que forma parte da rúa Real de Badiña, e cunha afección de 22 m² de expropiación permanente.
- Finca con orde expropiatorio nº S-36.0600-1507 (expte.: 012ADIF2120), finca 36060A02809000 na descarga de plano de catastro. Propiedade do Concello de Vilagarcía de Arousa, que forma parte da rúa Blanco Amor, e cunha afección de 39 m² de expropiación permanente.
- Finca con orde expropiatorio nº S-36.0600-1508 (expte.: 012ADIF2120), finca 36060A020090010000GA na descarga de plano de catastro. Propiedade do Concello de Vilagarcía de Arousa, que se corresponde cun camiño, e cunha afección de 19 m² de expropiación permanente.

Asdo.: Alberto Varela Paz
Alcalde-Presidente

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da alteración da cualificación xurídica dos bens afectados polo "Proxecto de protección acústicas do Eixo Atlántico de Alta Velocidade. Tramo: Vigo- Padrón".

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Alterar a cualificación xurídica dos bens que se relacionan a continuación, pasando de ter a condición de bens de dominio e uso público a bens patrimoniais, coa finalidade de que o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) poida expropiar as mesmas para executar o proxecto de proteccións acústicas do eixo atlántico de alta velocidade. Tramo: Vigo- Padrón.

- Finca con orde expropiatorio nº S-36.0600-1502 (expte.: 012ADIF2120), finca 36060A021090010000GE na descarga de plano de catastro. Propiedade do Concello de Vilagarcía de Arousa, que se corresponde cun camiño, e cunha afección de 25 m² de expropiación permanente.
- Finca con orde expropiatorio nº S-36.0600-1505 (expte.: 012ADIF2120), finca 36060A02009000 na descarga de plano de catastro. Propiedade do Concello de Vilagarcía de Arousa, que forma parte da rúa Real de Badiña, e cunha afección de 22 m² de expropiación permanente.
- Finca con orde expropiatorio nº S-36.0600-1507 (expte.: 012ADIF2120), finca 36060A02809000 na descarga de plano de catastro. Propiedade do Concello de Vilagarcía de Arousa, que forma parte da rúa Blanco Amor, e cunha afección de 39 m² de expropiación permanente.
- Finca con orde expropiatorio nº S-36.0600-1508 (expte.: 012ADIF2120), finca 36060A020090010000GA na descarga de plano de catastro. Propiedade do Concello de Vilagarcía de Arousa, que se corresponde cun camiño, e cunha afección de 19 m² de expropiación permanente.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230330&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO ESTUDO DE DETALLE PARA EDIFICIO COMERCIAL DESTINADO A SUPERMERCADO DE ALIMENTACIÓN E APARCAMENTO NA RÚA VALLE INCLÁN Nº 15, PROMOVIDO POR DONA MARÍA EMILIA UZ PRADO, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE MERCADONA SA.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 30 de marzo de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDO DE DETALLE PARA “EDIFICIO COMERCIAL DESTINADO A SUPERMERCADO DE ALIMENTACIÓN E APARCAMENTO” NA RÚA VALLE INCLÁN, Nº 15 DE VILAGARCÍA DE AROUSA (R.U 254) PROMOVIDO POR DONA MARIA EMILIA UZ PRADO, ACTUANDO EN NOME E REPRESENTACIÓN DE MERCADONA, SA. EXPEDIENTE P/2020/5.

Dona María Emilia Uz Prado, actuando en nome e representación da mercantil MERCADONA S.A, en data 10.08.2020 (r.e.web 2020003488) presentou solicitude de tramitación de “Estudio de Detalle para edificio comercial destinado a supermercado de alimentación y aparcamento” na rúa Valle Inclán, nº 15, no termo municipal de Vilagarcía de Arousa, aportando documento técnico asinado en agosto de 2020 polo arquitecto don Ramón Amadeo Facal Grobas, así como

documentación de acreditación da representación e demais documentación administrativa.

En data 22.03.2021 (r.e.web 2021001735/1737/1738/1746 e 1747), previos os requirimentos municipais, presentouse novo documento do estudio de detalle denominado “Refundido de Estudio de Detalle para edificio comercial destinado a supermercado de alimentación y aparcamento”, sendo posteriormente modificado a requirimento dos servizos técnicos municipais.

En data 7.10.2022 (r.e.web 2022006986/6988/6989/6990), como consecuencia dos condicionantes impostos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, presentouse novo documento de “Estudio de Detalle para edificio comercial destinado a supermercado de alimentación y aparcamento” asinado polo arquitecto redactor en data 7.10.2022.

A procedencia do estudio de detalle xustifícase no PXOM de Vilagarcía de Arousa, por canto na Ordenanza específica nº 6 (INDU) establece que as parcelas cunha superficie superior aos 3.000 m2 deberán ser ordenadas mediante un estudio de detalle.

Conforme ao artigo 75 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e os artigos 186 e ss. do Regulamento da Lei do Solo de Galicia, os tramites seguidos neste expediente son:

- Aprobación inicial polo órgano municipal competente, en data 1.09.2021. Consta informe favorable técnico de data 26.05.2021 e 2.08.2021 e informe xurídico favorable de data 4.08.2021.

- Información pública polo prazo mínimo de 20 días, mediante publicación no DOG nº 182 de data 21.09.2021, en un dos xornais de maior circulación na provincia (La Voz de Galicia, de data 24.09.2021)

- Notificación aos colindantes afectados, a efectos de que poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que estimaran oportunas. Constan debidamente notificados en data 30.09.2021 á representante de dona María Concepción Fernández Loureiro, don Xoan Manuel Loureiro Fernández, dona María del Carmen Fernández Loureiro, dona Juana Fernández Loureiro, dona María Elena Fernández Loureiro, don Miguel Antonio Fernández Loureiro e a don José Luís Fernández Bua.

- Certificado emitido pola Secretaria Xeral do Concello de Vilagarcía de data 26.10.2021, no que se sinala que, finalizado o prazo de exposición ao público non constan presentadas alegacións ou reclamación no rexistro municipal.

- Informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 08.02.2023.

- Informe favorable do arquitecto municipal á aprobación definitiva do estudio de detalle de data 16.02.2023

- Informe xurídico favorable de data 20.02.2023.

Á vista dos antecedentes propónse ao pleno como órgano competente en aplicación do artigo 22 da Lei 7/85, de bases de réxime local, a adopción do seguinte

A C O R D O:

Primeiro: Aprobar definitivamente o Estudio de Detalle para edificio comercial destinado a supermercado de alimentación e aparcamento na Rúa Valle Inclán, nº 15, Vilagarcía de Arousa, redactado polo arquitecto don Ramón Amadeo Facal Grobas, asinado dixitalmente en data 7.10.2022.

Segundo: Publicar no prazo dun mes no DOG o acordo de aprobación definitiva.

Terceiro: Publicar no BOP de Pontevedra o documento que conteña a normativa e ordenanzas.

Cuarto: Remitir o expediente en soporte dixital, á Consellería competente en materia de urbanismo, para a súa inscrición no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, de conformidade co sinalado no artigo 88 da Lei do Solo de Galicia.

Vilagarcía de Arousa, na data de sinatura dixital

O Alcalde-Presidente

Alberto Varela Paz.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación definitiva do Estudio de Detalle para edificio comercial destinado a supermercado de alimentación e aparcamento na Rúa

Valle Inclán, nº 15, promovido por Dona María Emilia Uz Prado, en Nome e representación de Mercadona SA.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezasete votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12) e PP(5), dúas abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do BNG (1) e Podemos-Marea da Vila (1) e un voto en contra do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE Por maioría:

Primeiro: Aprobar definitivamente o Estudio de Detalle para edificio comercial destinado a supermercado de alimentación e aparcamento na Rúa Valle Inclán, nº 15, Vilagarcía de Arousa, redactado polo arquitecto don Ramón Amadeo Facal Grobas, asinado dixitalmente en data 7.10.2022.

Segundo: Publicar no prazo dun mes no DOG o acordo de aprobación definitiva.

Terceiro: Publicar no BOP de Pontevedra o documento que conteña a normativa e ordenanzas.

Cuarto: Remitir o expediente en soporte dixital, á Consellería competente en materia de urbanismo, para a súa inscrición no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, de conformidade co sinalado no artigo 88 da Lei do Solo de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230330&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- D. Jose Carlos Fernández Balseiro, en relación coa moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a mellora das condicións de vida e de seguridade viaria da veciñanza de A Escardia.

- D. José Luis Mariño Araujo, en relación coa moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a mellora das condicións de vida e de seguridade viaria da veciñanza de Faxilde.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230330&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA, PARA A MELLORA DAS CONDICIÓNS DE VIDA E DE SEGURIDADE VIARIA DA VECIÑANZA DE A ESCARDIA.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 30 de marzo de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila coa data de 21 de marzo de 2023, do seguinte teor:

Moción para a mellora das condicións de vida e de seguridade viaria da veciñanza de A Escardia.
EXPONSE:

Nos últimos anos, deixáronse esquecidas labores de mantemento de todos os lugares do concello, pero a ausencia destas actuacións quedou maiormente patente no rural e nas zonas residenciais afastadas da actividade económica da vila. Unha desas zonas, que maila estar moi preto de Ravella, está tamén moi afectada, é a de A Escardia, cuxa veciñanza, que vén de erguer a voz recentemente por sentirse agraviada, considera que as súas vidas tamén son importantes. Dende fai un tempo atrás acumúlanse distintas problemáticas que prexudican e complican o xeito que a veciñanza desta zona ten de desenvolverse acotío.

Unha das eivas fundamentais nesta poboación é a carencia de medidas de seguridade respecto á circulación de vehículos e peóns. Dentro da xestión destes aspectos, compre poñer en valor o paso que comunica as súas rúas co centro do Concello, que se atopa nun estado precario e polo cal é perigoso camiñar, especialmente se se repara nas lousas levantadas e no forxado á vista, que pode ser potencial causa de lesións. Para saír do paso, as persoas con problemas de mobilidade ou con carriños toman unhas escaleiras sen os cristais de seguridade no lateral polas cal cabe o risco de caer a varios metros de altura, opción menos mala para eles e que se resignan a tomar debido á falta de limpeza e as continuas avarías do ascensor; avarías que se viron acrecentadas en número por un vandalismo que aumentou nas derradeiras semanas e que provoca encontros non desexados coa veciñanza, especialmente de noite, cunhas luminarias mal programadas que fan que esta non se sinta segura á hora de transitar. Mais non quedan as dificultades unicamente no paso e no acceso. Na propia Rúa Escardia faltan baldosas, algo perigoso de por si, pero que cobra moita mais importancia se temos en conta que as luminarias prenden de forma pouco sincronizada respecto ás horas que cómpre que estean operativas, co cal camiñar de noite ou cedo pode supoñer lesións e danos materiais na veciñanza.

No relativo aos vehículos advírtese o déficit de sinais e espellos convexos no barrio, en detrimento, unha vez máis da seguridade das veciñas e veciños. Tamén se reportaron serias dificultades para ser atopada a Rúa Escardia, ben pola inexistente sinalización desta en lugares fundamentais como a ponte, ben porque nalgúns espazos aínda é denominada como Rúa Leiras, o que provoca dificultades como a defectuosa entrega de correspondencia.

En derradeiro lugar, tamén se fixo recorrente por parte da cidadanía de A Escardia a queixa da pésima conectividade, problema que xa coexistía con ela dende fai anos e que, dende que a fórmula do teletraballo chegou para quedarse, condiciona moito máis as súas vidas. Este lastre, producido pola pésima colocación dos cables, provoca que existan zonas que reportan un máximo de tres megabytes de descarga, o que imposibilita o desempeño laboral e o disfrute no tempo de ocio de numerosas familias.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes:

ACORDOS:

- 1.- Instar ao Concello de Vilagarcía e ao Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Dixital á colaboración para a mellora da conectividade e dixitalización da zona de A Escardia por medio dos proxectos de inversión que resulten necesarios.
- 2.- Instar ao Concello de Vilagarcía á mellora das condicións e ó mantemento do paso subterráneo e o ascensor favorecendo a accesibilidade e seguridade da zona.
- 3.- Instar ao Concello de Vilagarcía a revisar integralmente as zonas peonís, alumeado, obstáculos, cristais, da Rúa Escardia e do paso de acceso ao centro da Vila, así como de intervir arranxando aló onde for necesario para a seguridade dos viandantes.
- 4.- Instar ao Concello de Vilagarcía á sincronización das luminarias cos obxectivos dun uso

enerxético eficiente e favorecendo a seguridade da veciñanza.

5.- Instar ao Concello de Vilagarcía a sinalar correctamente a zona como Rúa Escardia para que persoas alleas á mesma poidan atopala con eficacia.

6.- Instar ao Concello de Vilagarcía a sinalar na ponte de San Xosé as localizacións de Guillán e A Escardia, co fin de aumentar as posibilidades de seren achadas con facilidade.

7.- Instar ao Concello de Vilagarcía a pintar a ponte de San Xosé, co obxectivo de diminuír os riscos e perigos das usuarias e usuarios da mesma.

8.- Instar ao Concello de Vilagarcía a colocar as sinais de tráfico na zona de A Escardia, así como os espellos convexos que faltan a fin de eliminar dificultades engadidas nas usuarias de vehículos.

9.- Instar ao Concello de Vilagarcía á realización dun estudo de seguridade viaria e tráfico do concello de Vilagarcía de Arousa coa finalidade de continuar adoptando medidas eficaces que melloren a circulación e a mobilidade das veciñas e veciños.

10.- Instar á Xunta de Galicia a sinalar liñas de non ocupación na Avenida Rosalía de Castro para paliar as obstaculizacións e os efectos de tapón no cruce coa Rúa San Xosé.

11.- Instar ao Concello de Vilagarcía á limpeza e desbroce, tanto da Rúa Escardia como do paso de acceso á Praza da Estación.

12.- Instar ao Concello de Vilagarcía a aumentar a seguridade no paso inferior e na ponte de San Xosé para eliminar o intercambio de estupefacientes.

13.- Instar ao Concello de Vilagarcía a mudar a localización da parada de autobús de San Xosé , dada a falta de visibilidade da mesma, situada actualmente nunha curva dun cambio de rasante, para evitar poñer en risco á veciñanza.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Vilagarcía en Común din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a mellora das condicións de vida e de seguridade viaria da veciñanza de A Escardia.

- Intervén D. José Carlos Fernández Balseiro, en representación dos veciños e veciñas de A Escardia.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila e:

1.- Instar ao Concello de Vilagarcía e ao Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Dixital á colaboración para a mellora da conectividade e dixitalización da zona de A Escardia por medio dos proxectos de inversión que resulten necesarios.

2.- Instar ao Concello de Vilagarcía á mellora das condicións e ó mantemento do paso subterráneo e o ascensor favorecendo a accesibilidade e seguridade da zona.

3.- Instar ao Concello de Vilagarcía a revisar integralmente as zonas peonís, alumeado, obstáculos, cristais, da Rúa Escardia e do paso de acceso ao centro da Vila, así como de intervir arranxando aló onde for necesario para a seguridade dos viandantes.

4.- Instar ao Concello de Vilagarcía á sincronización das luminarias cos obxectivos dun uso enerxético eficiente e favorecendo a seguridade da veciñanza.

5.- Instar ao Concello de Vilagarcía a sinalar correctamente a zona como Rúa Escardia para que persoas alleas á mesma poidan atopala con eficacia.

6.- Instar ao Concello de Vilagarcía a sinalar na ponte de San Xosé as localizacións de Guillán e A Escardia, co fin de aumentar as posibilidades de seren achadas con facilidade.

7.- Instar ao Concello de Vilagarcía a pintar a ponte de San Xosé, co obxectivo de diminuír os

riscos e perigos das usuarias e usuarios da mesma.

8.- Instar ao Concello de Vilagarcía a colocar as sinais de tráfico na zona de A Escardia, así como os espellos convexos que faltan a fin de eliminar dificultades engadidas nas usuarias de vehículos.

9.- Instar ao Concello de Vilagarcía á realización dun estudo de seguridade viaria e tráfico do concello de Vilagarcía de Arousa coa finalidade de continuar adoptando medidas eficaces que melloren a circulación e a mobilidade das veciñas e veciños.

10.- Instar á Xunta de Galicia a sinalar liñas de non ocupación na Avenida Rosalía de Castro para paliar as obstaculizacións e os efectos de tapón no cruce coa Rúa San Xosé.

11.- Instar ao Concello de Vilagarcía á limpeza e desbroce, tanto da Rúa Escardia como do paso de acceso á Praza da Estación.

12.- Instar ao Concello de Vilagarcía a aumentar a seguridade no paso inferior e na ponte de San Xosé para eliminar o intercambio de estupefacientes.

13.- Instar ao Concello de Vilagarcía a mudar a localización da parada de autobús de San Xosé, dada a falta de visibilidade da mesma, situada actualmente nunha curva dun cambio de rasante, para evitar poñer en risco á veciñanza.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230330&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA PARA A MELLORA DAS CONDICIÓNS DE VIDA E DE SEGURIDADE VIARIA DA VECIÑANZA DE FAXILDE.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 30 de marzo de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila coa data de 21 de marzo de 2023, do seguinte teor:

Moción para a mellora das condicións de vida e de seguridade viaria da veciñanza de Faxilde.
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nos últimos anos, deixáronse esquecidas labores de mantemento de todos os lugares do concello, pero a ausencia destas actuacións quedou maiormente patente no rural e nas zonas residenciais afastadas da actividade económica da vila. Unha que foi tratada con menos respecto do que debería foi Faxilde, cuxa veciñanza leva anos esixindo a atención da administración local para dar cumprimento ás súas demandas históricas para a mellora das condicións de vida.

A cohesión de Vilagarcía pasa inexorablemente polo enraizamento de cada un das poboacións e a homoxeneización de cada un dos lugares que a conforman. A crúa realidade é que o que non se nomea, non existe. E se nin tan sequera é ata aí que chegan os servizos das distintas administracións públicas, o que se produce a curto e medio prazo é a emigración dentro do propio concello a zonas con máis alcance ou a non toma en consideración destas parroquias por parte de familias ou individuos, que buscan un novo fogar e que tratan de esquivar todas as complicacións posibles que non fosen inevitables, cando non impostas.

Parte desta homoxeneización, relativa a Faxilde, pasa por homoxeneizar os servizos e as infraestruturas. As rúas e os camiños fican en mal estado dando lugar á aparición de baches e pozas, poñendo en perigo aos seus habitantes. En ocasións, incluso son terreos impracticables pouco limpos e perigosos polos cales chegan a frecuentar roedores.

Outro dos problemas fundamentais, inducidos, que ten Faxilde é a auga. Un conflito integral que nace da falta de mantemento por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa e que abarca dende o desleixo e abandono de coidados dos condutos ata o propio descoidado dos colectores de pluviais, produtos dunha falta de planificación estratéxica para a recollida das augas, que ten como consecuencias nas estacións de choivas inundacións en numerosos espazos.

Tamén existe unha falta de vontade á hora de velar pola seguridade, a comodidade e a adaptabilidade das veciñas e veciños. As achegas destes fan énfase respecto á desprotección en zonas de derrubamento, a falta dun estudo do funcionamento do tráfico e unha apropiada

sinalización, colocación de pasos de ceбра, falta de luz pola avaría e non reparación das luminarias ou ausencia de contenedores en localizacións importantes, entre outras.

Por último, Faxilde ten uns bens culturais inconmensurables, bens culturais que se foron esquecendo e non promocionando por parte do concello de Vilagarcía de Arousa, xa fose pola falta de compromiso coa cultura da poboación ou polos problemas xa expostos que deixan a imaxe desta como un espazo pouco confortable do que é difícil coñecer todo o que se debería. Con todo, é o momento de que Faxilde teña un papel protagonista no tecido cultural local, para o cal se deberá promocionar con recursos públicos e cunha política cultural de altura que defenda a historia e a riqueza, como sucede co Centro Sociocultural de Faxilde ou o cruceiro.

Por todo o anteriormente exposto, proponse ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes:

ACORDOS:

1. Instar ao Concello de Vilagarcía de Arousa:

- á progresiva renovación do firme das estradas, así como unha maior limpeza dos camiños e do exterminio de roedores.
- á renovación dos condutos de auga de Faxilde.
- á limpeza urxente de colectores de augas pluviais de Faxilde.
- a realizar un estudo de recollida de augas pluviais en Faxilde para habilitar novos puntos.
- a revisar en Faxilde todas as canalizacións de auga para tapar aquelas que poñan en perigo a seguridade dos vehículos ou a dos peóns.
- á canalización do río Faxilde.
- a negociar coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade habilitar novas liñas de autobús que comuniquen Faxilde co resto do concello e a aumentar a frecuencia das xa existentes.
- a colocar varandas de protección naquelas zonas con perigo de derrube.
- á colocación de pasos de ceбра elevados no entorno do colexio e nas rúas principais de Faxilde, a fin de garantir a seguridade viaria das veciñas e viandantes.
- ao aumento de recolletores de papel e de vidro en Faxilde, así como á instalación de contenedores de aceite, pilas e CDs.
- á realización dun estudo de seguridade viaria e tráfico do concello de Vilagarcía de Arousa coa finalidade de continuar adoptando medidas eficaces que melloren a circulación e a mobilidade das veciñas e veciños.
- á sinalización de paradas de autobús escolar, estreitamento das rúas e sinalización das prazas de aparcamento en Faxilde.
- á reparación dos postes de luz na rúa Sobrán.
- á reparación e mantemento do Centro Sociocultural de Faxilde.
- á creación dunha senda peonil á veira do río Faxilde.
- á posta en valor e reivindicación do cruceiro de Faxilde.
- á recuperación da titularidade pública do entorno da Fonte de Faxilde para o lecer da veciñanza.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a mellora das condicións de vida e de seguridade viaria da veciñanza de Faxilde.

- Dáse conta da emenda de adición presentada polo grupo político municipal do PP:
- á realización de melloras no parque infantil e no seu entorno.

A representante do grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila acepta a emenda.

- Intervén D. José Luis Mariño Araujo, en representación da Asociación Veciñal de Faxilde.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila e:

1. Instar ao Concello de Vilagarcía de Arousa:

- á progresiva renovación do firme das estradas, así como unha maior limpeza dos camiños e do exterminio de roedores.
- á renovación dos condutos de auga de Faxilde.
- á limpeza urxente de colectores de augas pluviais de Faxilde.
- a realizar un estudo de recollida de augas pluviais en Faxilde para habilitar novos puntos.
- a revisar en Faxilde todas as canalizacións de auga para tapar aquelas que poñan en perigo a seguridade dos vehículos ou a dos peóns.
- á canalización do río Faxilde.
- a negociar coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade habilitar novas liñas de autobús que comuniquen Faxilde co resto do concello e a aumentar a frecuencia das xa existentes.
- a colocar varandas de protección naquelas zonas con perigo de derrube.
- á colocación de pasos de ceбра elevados no entorno do colexio e nas rúas principais de Faxilde, a fin de garantir a seguridade viaria das veciñas e viandantes.
- ao aumento de recolledores de papel e de vidro en Faxilde, así como á instalación de contenedores de aceite, pilas e CDs.
- á realización dun estudo de seguridade viaria e tráfico do concello de Vilagarcía de Arousa coa finalidade de continuar adoptando medidas eficaces que melloren a circulación e a mobilidade das veciñas e veciños.
- á sinalización de paradas de autobús escolar, estreitamento das rúas e sinalización das prazas de aparcamento en Faxilde.
- á reparación dos postes de luz na rúa Sobrán.
- á reparación e mantemento do Centro Sociocultural de Faxilde.
- á creación dunha senda peonil á veira do río Faxilde.
- á posta en valor e reivindicación do cruceiro de Faxilde.
- á recuperación da titularidade pública do entorno da Fonte de Faxilde para o lecer da veciñanza.
- á realización de melloras no parque infantil e no seu entorno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230330&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

- Auséntase temporalmente da sesión plenaria o Sr. Mouriño Santiago ás 19:15 horas.

A continuación procédese ao debate conxunto dos asuntos n.º 10 e 11, e posteriormente a súa votación levarase a cabo de xeito independente.

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP EN RELACIÓN AOS PLANS DE ORDENACIÓN DO ESPAZO MARÍTIMO (POEM): Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 30 de marzo de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 22 de marzo de 2023, do seguinte teor:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA EN RELACIÓN AOS PLANS DE ORDENACIÓN DO ESPAZO MARÍTIMO (POEM)

O Grupo Municipal Popular de Vilagarcía de Arousa conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de marzo publicouse no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto 150/2023, de 28 de febreiro, polo que se aproban os Plans de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM) das cinco demarcacións mariñas españolas: noratlántica – no que se inclúen as augas mariñas que bañan o litoral de Galicia - sudatlántica, do Estreito e Alborán, levantino-baleares e canarias.

Lamentablemente, este acordo volve a evidenciar o escaso interese do actual Goberno de España por chegar a acordos coas Comunidades Autónomas e co tecido produtivo, xa que a planificación aprobada en ningún caso se levou a cabo desde un consenso real coa Xunta de Galicia e dos sectores implicados, é dicir, nin co sector marítimo-pesqueiro, nin tampouco coa industria da eólica mariña.

En consecuencia, o texto aprobado non recollese todas as sensibilidades necesarias para garantir un desenvolvemento da eólica mariña como vector de competitividade e de impulso industrial, sempre e cando existan as máximas garantías de compatibilidade coa actividade pesqueira. Cómpre recordar que a industria galega xa emprega a 1.200 persoas en proxectos de eólica mariña, un segmento de actividade no que somos un referente a nivel mundial e europeo, e que, ademais, ten a aspiración de contar con 8.000 traballadores e traballadoras nos vindeiros anos.

Polo tanto, antes de falar de proxectos concretos, a vicepresidenta terceira e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico do Goberno, Teresa Ribera, debe cumprir o compromiso adquirido co presidente a Xunta e reunirse co Observatorio da Eólica Mariña de Galicia. Constituído en xuño de 2021, o seu obxectivo é servir de foro de diálogo, encontro e análise para a procura da coexistencia e compatibilidade do potencial desenvolvemento da eólica mariña na Comunidade con todas as actividades existentes, con especial atención ás actividades marítimo-pesqueiras.

Deste xeito, o Goberno debe rectificar a súa posición e buscar puntos de encontro, sempre baixo a premisa de garantir a compatibilidade entre as actividades tradicionais e o desenvolvemento da eólica mariña, así como atender as solicitudes feitas desde Galicia:

- Incorporar información máis detallada dos caladoiros existentes e non unha delimitación xeral.
- Explicar por que a vixencia do POEM é ata 2027 cando todo apunta a que os proxectos de eólica mariña serán executados en datas posteriores.
- Aclarar cando ten previsto establecer un marco normativo adecuado e a convocatoria das poxas de lámina de auga para que realmente os promotores poidan presentar os seus proxectos.
- Adoptar un modelo de evacuación da enerxía centralizado, no que se obrigue aos promotores a compartir estas infraestruturas e vaian ao mesmo punto de conexión, evitando afeccións sobre o territorio.

Por todo o exposto o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía de Arousa insta a acordar por parte do Pleno municipal a:

"O concello de Vilagarcía de Arousa demanda ao Goberno de España:

1º.- Que xustifique tecnicamente as zonas de alto potencial para o desenvolvemento da eólica mariña incluídas finalmente nos POEM.

2º.- Que explique por que non se consideraron todos os datos asociados á pesca e aos caladoiros.

3º.- Que dea resposta ás opinións do sector marítimo pesqueiro e se reúna cos axentes implicados no eido do Observatorio da Eólica Mariña

En Vilagarcía de Arousa a 21 de marzo de 2023

Ana María Granja Guillán

(Voceira do Grupo Municipal Popular de Vilagarcía)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP en relación aos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM).

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con cinco votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencente ó grupo político municipal do PP(5), unha abstención da Concelleira pertencente ao grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila (1) e trece votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), BNG (1) e Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do PP en relación aos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM)

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230330&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A RETIRADA DO PLAN DE ORDENACIÓN DO ESPAZO MARÍTIMO (POEM).- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 30 de marzo de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 21 de marzo de 2022, do seguinte teor:

Moción do BNG sobre a retirada do POEM

XOSÉ LOIS LEIRÓS GUDE, concelleiro do BNG, presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

O BOE vén de publicar o pasado 4 de marzo os Plans de Ordenación do Espazo Marítimo, aprobado o 28 de febreiro, co que se pretende instalar no noso país o 43% da eólica mariña prevista para todo o Estado, uns 2.200 quilómetros cadrados de costa. De consumarse, suporá a perda de miles de postos de traballo nun sector clave da nosa economía como é a pesca, no que sería o maior ataque histórico á pesca e os ecosistemas mariños. A pesca representa a día de hoxe máis de 31.000 empregos directos e de 120.000 inducidos, e o 2% do PIB galego (o 4,8% se atendemos a todo o sector do mar).

O Plan de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM) supón a destrución do sector pesqueiro para que se sigan enriquecendo as grandes eléctricas, convertendo ao noso país nunha colonia enerxética de Madrid.

O BNG vén defendendo desde hai tempo que non é aceptábel prever parques eólicos na nosa costa polas características da plataforma galega, unha plataforma moi estreita que provoca que os proxectos se sitúen a tan só 20-25 quilómetros, en espazos de alta sensibilidade ambiental e de alta produtividade pesqueira.

O Goberno do Estado, na súa defensa dos intereses das grandes empresas eléctricas e enerxéticas, desatendeu todas as alegacións achegadas polo BNG, asociacións ecoloxistas ou as propias confrarías que defendían os intereses da frota pesqueira do noso país.

Compre lembrar que o 3 de maio de 2022 o Parlamento europeo aprobou unha resolución que determinaba que os caladoiros históricos e tradicionais específicos dos mariñeiros deberán estar libres de enerxía eólica mariña, resolución que contradí o POEM recentemente aprobado polo goberno español, xa que afecta a moitos dos nosos caladoiros tradicionais.

Tamén o Parlamento galego, coa unanimidade de todos os grupos políticos da cámara, aprobou en 2009 que Galiza ficase libre de eólica mariña, polo seu impacto negativo na pesca.

A nosa obriga é defender a pesca, un sector do que viven, directa ou indirectamente, moitos dos nosos veciños e veciñas, e non podemos permitir que o lobby eléctrico faga caixa cos nosos recursos naturais deixando sen medio de vida á xente do mar. A eólica mariña e a defensa do sector pesqueiro non son compatíbeis, como se acreditou en Viana do Castelo, no veciño Portugal, onde os mariñeiros denuncian que a zona quedou, literalmente, sen peixe, ou co replantexamento que Noruega está a facer da eólica mariña pola grande afectación que está a ter sobre a súa pesca.

Diante dunha agresión sen precedentes á nosa pesca, lamentablemente a Xunta de Galiza, en vez de encabezar a defensa do noso sector pesqueiro, está a poñerse de perfil, cun silencio cómplice.

No BNG insistimos na necesidade de implantar enerxías renovábeis e transitar a unha economía libre de carbono, pero este tránsito non se pode facer a costa de arrasar con todo: co monte, coas serras e agora co mar do que viven milleiros de persoas e de familias neste país. O lobby eléctrico, co apoio dos gobernos español e galego, pretende espoliar o noso territorio e os nosos mares, e non podemos consentilo. Temos o país cheo de encoros, 4.000 muíños de vento nos nosos montes e están proxectados moitos máis. E agora dísenos que Galiza ten que soportar case a metade de todos os aeroxeneradores da eólica mariña do Estado. Basta xa de que o noso país, o noso monte a agora o noso mar, teña que pagar todos os custes ambientais, económicos e sociais de producir enerxía.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar ao goberno español á retirada inmediata dos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo.

A declarar a costa galega zona excluída de eólica mariña para garantir o futuro do sector pesqueiro.

E a preservar o sector pesqueiro e o futuro de miles de familias que viven do mar.

2. Instar ao Parlamento galego a que retorne ao consenso unánime de 2009, para deixar Galiza libre de eólica mariña porque esa petición sigue sendo igual de válida que antes.

3. Instar á Xunta de Galiza a que defenda por todos os medios ao seu alcance ao sector pesqueiro galego, loitando para que Galiza estea libre de eólica mariña

4. Trasladar este acordo aos grupos do Parlamento galego e do Congreso, así como á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Transición Ecolóxica.

Vilagarcía de Arousa, 21 de marzo de 2023

Xosé Lois Leirós Gude

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal do BNG informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG sobre a retirada do Plan de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM).

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dous votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencente ós grupos políticos municipais do BNG (1) e Vilagarcía en Común (1), unha abstención da Concelleira pertencente ao grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila (1) e dezaseis votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11) e PP (5)

ACÓRDASE Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG sobre a retirada do Plan de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230330&punto=11>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PETICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PARA NOMEAR O ACTUAL PAVILLÓN CASTELAO COMO PAVILLÓN

“CASTELAO-HELENA MARIÑO: Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica de data 30 de marzo de 2023, do seguinte teor

Dáse conta da petición formulada polo grupo político municipal do BNG coa data de 21 de marzo de 2023, para o seu tratamento polo Pleno da Corporación, do seguinte teor:

PETICIÓN Á ALCALDÍA

Para materializar o acordo de nomear Pavillón “Castelao-Helena Mariño” solicitado polo Vilagarcía Basket Cup (CBV).

“O vindeiro sábado, 25 de marzo, é o día elixido para completar a merecida homenaxe do pobo de Vilagarcía a Celestino Brianes Lojo, unha persoa que ligou boa parte da súa vida á defensa, promoción e organización do deporte local. Será mediante o acto de colocación dunha placa co seu nome na entrada principal da piscina municipal de Fontecarmoa, un acto que terá lugar ás 12 do mediodía, e que contará coa presenza dos membros da Corporación Municipal, do Consello Reitor da Fundación Municipal de Deportes, do Club Natación e Salvamento e doutros colectivos deportivos e sociais do municipio que acompañarán á familia de Celestino neste sentido tributo a súa labor e a súa persoa”; acto así anunciado na web municipal que, o BNG, comparte por resultar de xustiza este merecemento; aínda que desde a decisión plenaria que acordou esta distinción “a piscina de Vilagarcía levaba oficialmente o nome de Celestino Brianes. So faltaba a colocación da placa e a homenaxe pública correspondente, acto que se foi pospoñendo, primeiro debido á pandemia e despois ás futuras obras de ampliación, actuación, por certo, defendida por Brianes como representante do club de Natación. Malia que as obras están a piques de iniciarse, o goberno local decidiu non esperar máis para facer constar de forma visible nas instalacións deportivas o nome de Celestino, coincidido coa presentación do proxecto de ampliación da piscina que tanto lle compracería ver executado”. Por iso, malia estar en tempo (pre) electoral, compartimos a celebración do acto. Certo é que, á par da honra ao Sr. Brianes, debe lembrarse a pendente en favor da petición feita pola entidade organizadora do certame Vilagarcía Basket Cup- Helena Mariño; así:

Con data do 7 de setembro de 2022 formalizouse a petición do Club Baloncesto Vilagarcía, pola que se pide nomear Helena Mariño ao pavillón da rúa Castelao, considerando que: “Así coma se recoñeceu a figura de outras e outros deportistas nados na vila, pero coa meirande parte do seu desempeño persoal fóra da mesa, se teña recoñecemento a esta persoa do pobo (Helena Mariño) que desde pequena loitou por e para Vilagarcía”.

Coa idea de manter o seu legado, Alberto Blanco, en representación do CBV, solicita que o pavillón municipal de Castelao pase a chamarse Helena Mariño, ao valorar que: “este recoñecemento non fará máis que dar xustiza a súa labor por e para os vilagarcíais que se sentirán orgullosos de ver o seu nome como guía a seguir nun lugar tan emblemático para o baloncesto como este onde tantas horas pasou formando ás novas xeracións”.

Esta petición rexistrada, visto o publicado en prensa, foi do seu coñecemento porque: “a petición informal xurdiu durante a cerimonia de entrega de trofeos da Vilagarcía Basket Cup. Foi aí cando o speaker anunciouno: o CB Vilagarcía propuxo ao alcalde, que alí estaba, que o pavillón da rúa Castelao pase a denominar pavillón Helena Mariño. Aquel partido da Vilagarcía Basket Cup, que enfrontou ao Monbus Obradoiro e ao Porto, converteuse nunha homenaxe á falecida xogadora do Cortegada e adestradora do CB Vilagarcía. O partido parouse no minuto oito, que era o número co que xogaba, gardouse un minuto de silencio e colgouse unha camiseta co seu nome do teito”.

A súa vez, tamén na prensa, infórmase que: “o goberno local convocará unha xunta de portavoces para abordar o posible cambio de nome do pavillón Castelao polo de Helena Mariño, a xogadora e adestradora de baloncesto que faleceu hai case dous anos”.

Velaí que, no contexto dunha Xunta de Portavoces, aínda que non convocada para esta toma de acordo, unha vez proposto a iniciativa do BNG, a presidenta da devandita reunión anunciou o apoio do Goberno Local á unha denominación que, modificando parcialmente a actual, incluíse a pedida polo Club Baloncesto Vilagarcía, para finalmente denominar ás instalacións deportivas obxecto da solicitude “Pavillón Castelao-Helena Mariño”.

É, por iso, que teño a ben formularlle a petición de abordar este acordo de xeito que no marco da celebración do próximo “VBCUP-Helena Mariño”, se proceda a modificación acordada, pasando a nomear “Pavillón Castelao-Helena Mariño”, cun acto público de xusta homenaxe.

Vilagarcía, 20 de marzo de 2023

Xosé Lois Leirós Gude.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG e Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a petición do grupo político municipal do BNG para nomear o actual Pavillón Castelao como Pavillón "Castelao-Helena Mariño".

- Incorporase o Sr. Mouriño Santiago, sendo as 18:40 horas.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a petición do grupo político municipal do BNG para nomear o actual Pavillón Castelao como Pavillón "Castelao-Helena Mariño".

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230330&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG REFERIDA AO APOIO Á ILP SOBRE MEDIDAS URXENTES PARA RECUPERAR E FORTALECER A ATENCIÓN PRIMARIA: Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica de data 30 de marzo de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 22 de marzo de 2023, do seguinte teor:

Moción referida ao apoio á ILP sobre medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria.

Xosé Lois Leirós Gude, concelleiro do Grupo Municipal do BNG do Concello de Vilagarcía de Arousa presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

Resulta evidente que Galiza padece a día de hoxe un acelerado deterioro da súa sanidade pública. Un deterioro que ten a súa orixe en 14 anos de recortes e privatizacións por parte da Xunta de Galiza. De feito, só en atención primaria, o orzamento reduciuse unha media de 200 millóns anuais, se tomamos como ano de referencia o 2009.

A política sistemática de recortes en atención primaria ten consecuencias que afectan á saúde das persoas: listas de espera de até quince días para poder ter unha cita presencial nos centros de saúde, PACs sen persoal médico, miles de miles de crianzas sen persoal de pediatría asignado ou que as persoas doentes teñan que soportar urxencias hospitalarias saturadas con horas de espera para recibir atención médica.

A Xunta destina un 14% do gasto sanitario a atención primaria, moi lonxe do 25% que recomenda a Organización Mundial da Saúde. Estas cifras fan que Galiza sexa das últimas do Estado en gasto en atención primaria.

Esta situación provoca unha evidente preocupación na sociedade, que se tra-ducíu en masivas mobilizacións cidadás, a última este 12 de febreiro en Santi-ago de Compostela foi a maior rexistrada en Galiza nos últimos 20 anos. Estas mobilizacións deixan patente que a Xunta ten que mudar a súa política sanita-ria e que é preciso apostar pola atención primaria, verdadeiro corazón do sistema sanitario.

A indignación cidadá manifestouse tamén na ILP de medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria, promovida pola plataforma SOS Sanidade Pública e rexistrada o pasado 7 de febreiro no Parlamento galego, con máis de 50.000 sinaturas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propon a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar ao Parlamento galego a tramitar con celeridade a ILP de medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria e aprobala por unanimidade.
2. Dar traslado do presente acordo aos grupos parlamentares e á Mesa do Parlamento.

Vilagarcía de Arousa, 21 de marzo de 2023

Xosé Lois Leirós Gude

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo político municipal do BNG referida ao apoio á ILP sobre medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con quince votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1) e cinco votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (5), ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

1. Instar ao Parlamento galego a tramitar con celeridade a ILP de medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria e aprobala por unanimidade.
2. Dar traslado do presente acordo aos grupos parlamentares e á Mesa do Parlamento.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230330&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN PARA A SUPRESIÓN DO APARCAMENTO RESERVADO PARA A CORPORACIÓN NA PRAZA RAVELLA.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 30 de marzo de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común coa data de 21 de marzo de 2023, do seguinte teor:

MOCIÓN

O Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, VeC, ao amparo do regulamento de

organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Moción.

Supresión aparcamento reservado corporación na praza de Ravella

Exposición de Motivos.

O goberno local está enfrascado nun proceso de cambio do modelo de mobilidade urbana, que aposta claramente pola redución dos desprazamentos en vehículo privado. Así recentemente a concellería responsable da área de urbanismo dicía que “andar en bici e camiñar debería ser a opción fácil” e insistía en que en Vilagarcía, fronte ao que pensa a cidadanía, non había un problema de aparcamentos. É que calquera actividade se atopaba a escasos minutos andando de algunha bolsa de aparcamento, neste sentido co obxectivo de dar exemplo e demostrar que isto é unha realidade, non parece razoable, que namentras lle decimos a veciñanza, que debe aparcarse nun aparcamento disuasorio para acudir a facer os recados, compras, actividades ou acudir ao traballo, a corporación manteña o privilexio de ter unha lugar reservado durante 6 días a semana na praza de Ravella ao carón do concello.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de Vilagarcía en Común, propón a adopción dos seguintes Acordos:

O concello de Vilagarcía retirará de forma indefinida a reserva de aparcamento para a corporación da praza de ravella, esta reserva quedará libre para todos os usuarios durante as noites, tardes e fins de semana, salvo excepcións que teñan a ver con actividades concretas que precisen desta reserva.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal de Vilagarcía en Común informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común para a supresión do aparcamento reservado para a Corporación na Praza Ravella.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de vilagarcía en común para a retirada de forma indefinida a reserva de aparcamento para a corporación da praza de ravella, esta reserva quedará libre para todos os usuarios durante as noites, tardes e fins de semana, salvo excepcións que teñan a ver con actividades concretas que precisen desta reserva.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230330&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN DE COMPARECENCIA DO EDIL RESPONSABLE DE MEDIO AMBIENTE, PARQUES E XARDÍNS.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica de data 30 de marzo de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta de solicitude de comparecencia do edil responsable de medio ambiente, parques, xardíns e praias, presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común coa data de 21 de marzo de 2023, do seguinte teor:

Moción

O Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, VeC, Juan Mnuel Fajardo Recouso, ao

amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Solicitude de comparecencia do edil responsable de medio ambiente, parques, xardíns praias. Durante o presente mes de marzo, o noso grupo tivo coñecemento, de que se estaban a utilizar persoal, material e equipamentos do departamento de xardíns en negocios privados. Así as probas documentais existentes demostras que varios operarios municipais as 09:00h do 9 de marzo estaban traballando nun local preto do porto de Vilagarcía, e nas instalacións estaba presente e sendo utilizado un camión do concello do servizo.

Polo que facemos as seguintes preguntas:

Ten coñecemento desta intervención dos servizos municipais? De ser así cal é o motivo polo que se estaba traballar nun espazo privado?

É esta unha práctica habitual?

Ás árbores que se trasladaban no camión municipal ese día, a ese negocio privado, eran do concello?

Está o concello a traballar para negocios privados, de ser así cal é a contraprestación ?

Considera vostede razoables este tipo de actuacións.

Como e quen determina o cadro de traballo do servizo de xardíns, existe algún mecanismo para coñecer a planificación deste traballo, xa seña semanal ou mensualmente?

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a comparecencia do edil responsable de Medio Ambiente, Parques e Xardíns. Unha vez aprobada polo Pleno da Corporación a citada comparecencia, esta levarase a cabo no Pleno Ordinario de Abril.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con oito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP(5), BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1) e doce votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (12)

ACÓRDASE Por maioría rexeitar a comparecencia do edil responsable de Medio Ambiente, solicitada polo concelleiro do grupo político municipal de Vilagarcía en Común.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230330&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230330&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou

se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230330&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

18.- RESPONSA DOS/AS CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as respónden ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230330&punto=18>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

19.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230330&punto=19>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

20.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte das persoas que asisten como público á sesión fórmulanse rogos e preguntas, que son respostadas na sesión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230330&punto=20>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:40, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.